



**ANA M<sup>a</sup> ÁLVAREZ BECERRA**, Concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Solicitud ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa **situación da fábrica conserveira de Castiñeiras**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 16 de xaneiro de 2008 aconteceu un incendio na antiga fábrica conserveira de Castiñeiras, na que non se rexistraba actividade dende hai tempo. O estado na que se atopa o edificio é de sinistro total. Como consecuencia deste estado prodúcese, especialmente en días de vento, ruídos de chapas, uralitas e outros, que provocan molestias á veciñanza. Estes materiais desprendidos son, ademais, elementos potencialmente perigosos que poderían ocasionar danos ou accidentes ás persoas e aos vehículos que transitan, xa que esta fábrica está a carón de casas e da carreteira xeral.

Por outra banda, Castiñeiras é unha parroquia que ten unha carencia de espazos abertos e de uso público. O concello é responsable de proporcionar este tipo de espazos polo que debera facer o esforzo de suplir esta carencia. O lugar que ocupa agora esta fábrica –recollido no PXOM como Polígono 28 cunha superficie total de 13.600 m<sup>2</sup> –, é o ideal para dotar á veciñanza desta parroquia deste tipo de espazos.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG,

### **SOLICITA:**

**Que se realicen as xestións precisas para que o lugar no que se enclava a devandita fábrica pase a Patrimonio Público.**

**Que, entrementres, se tomen as medidas oportunas para evitar as molestias ocasionadas á veciñanza de Castiñeiras e previr o perigo de posibles danos ou accidentes.**

Ribeira, a 24 de abril de 2008

Asdo.: Ana M<sup>a</sup> Álvarez Becerra

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**